

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de OUTUBRO de 2021
Duración	Desde as 20:00 ata 22:30 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Apróbase por unanimidade a acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 26.08.2021.

Retirada do punto 8 como moción e preséntase con consenso e firma de tódolos grupos que forman parte da Corporación como declaración institucional. Procédese á lectura por parte da Secretaria da Corporación da mesma.

DECLARACIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OUTES A PROL DUN DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE E XUSTO DA ENERXÍA EÓLICA NOS TERRITORIOS RURAIS

1. Existe entre a cidadanía de numerosos concellos rurais de Galicia unha fonda preocupación polo elevado número de proxectos de parques eólicos previstos nos nosos territorios.

2. Esta preocupación ten unha vertente relacionada co impacto medioambiental dos parques proxectados, moitos deles nas proximidades de núcleos habitados e que ademais se veñen a sumar aos xa existentes. Neste sentido é de especial preocupación a escasa distancia mínima aos núcleos de poboación que establece a lexislación (500 metros), así como a fragmentación en tódolos proxectos de parques que, en realidade, amosan unha continuidade e que comparten infraestruturas polo que deberían ser considerados un único parque.

3. Por outra banda, dende a perspectiva económica, a lexislación actual non posibilita que a poboación rural se beneficie dunha maneira xusta da presenza desta industria nos seus territorios. Ao contrario do que acontece noutros países



non existen mecanismos que compensen a asimetría existente no poder de negociación entre promotores eólicos e veciñanza, sobrevoando nas negociacións a ameaza de expropiación pola declaración de interese público por parte da propia Administración. É particularmente preocupante que só os propietarios dos terreos directamente afectados reciban algún tipo de compensación, en calquera caso insuficiente, mentres que o resto de veciños que soportan os custes ambientais non teñen ningún beneficio económico directo. Nese sentido, a compensación que recibimos os concellos polo Fondo de Compensación Ambiental, derivado do canon eólico, é totalmente insuficiente.

4. A carencia dunha avaliación ambiental estratéxica, a non ampliación de rede Natura 2000, a non utilización de ferramentas como o catálogo de humedais e a escasa catalogación do patrimonio natural, fai que hábitats considerados prioritarios nas directivas europeas tales como turbeiras, brañas, bosques atlánticos, etc ..., estean en grave risco, ao tramitarse os proxectos eólicos sobre eles.

5. A percepción maioritaria é que as poboacións rurais estamos a soportar en exclusiva os custos ambientais da produción de enerxía eólica, mentres que os beneficios que permanecen no territorio son mínimos.

Neste sentido **SOLICITAMOS** que:

1. Se proceda a MODIFICAR o actual marco normativo referido ao sector eólico en Galicia, para que atenda aos intereses da poboación do rural. A enerxía eólica dba ser e pode ser fomentada sen atender contra os intereses ambientais e socioeconómicos da contorna onde se produce , só desa maneira pode pasar de ser unha ameaza a ser unha oportunidade para o noso rural.

2. En consecuencia, se proceda a PARALIZAR os actuais proxectos ata que dende as instancias pertinentes, en particular no Parlamento de Galicia, non se aprobe un marco normativo máis xusto e sustentable para os territorios rurais.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que é unha declaración institucional da Corporación e que se fará pública polos medios pertinentes e se fará chegar ao titular da Xunta de Galicia.

2. Expediente 895/2021. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos.	
Favorable	Tipo de votación



DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 895/2021 de recoñecemento extraxudicial de créditos, é o terceiro recoñecemento extraxudicial de créditos, tratase de atender facturas, o pagamento de facturas que neste caso se corresponden a servizos ou actuacións desenvolvidas no exercicio anterior, por ese motivo teñen que vir a Pleno, unha contía xa moi pequena, na medida que por sorte van quedando menos que atender neste sentido, pouco máis de 2.000€. O que propoñemos é que unha vez que estes gastos se fixeron efectivos e que existiron e eran necesario facelos, que se aproben e que se aprobe este recoñecemento extraxudicial de crédito e se paguen estas facturas.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que sendo facturas que se corresponden con traballos e servizos efectivamente prestados ao Concello entendemos que o que hai que facer é pagar estas facturas. Gustaríanos recordarlles, como xa fillemos en outras ocasións similares, que deberían ter en conta as advertencias que por parte de Intervención se manifestan nos reparos que forman parte deste expediente.

Toma a palabra o Sr. Núñez voceiro do BNG que indica que isto xa é un tema recorrente no que levamos de mandato e creemos que é importante prestar atención aos reparos que se amosan no informe de Intervención e en tal caso pedímoslle ao Goberno que actúe da maneira máis correcta posible para evitar xustamente estas situacións.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que non vai dicir nada máis do que xa dixo no últimos recoñecementos de crédito.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor.

PP: 5 votos a favor.

BNG: 2 abstencións.

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención.



ACORDO

Visto que iniciouse procedemento para o recoñecemento extraxudicial de créditos tramitado co número 3/2021 por importe total de 2.112,51€, que se contén nas seguintes relacións contables:

- Relación F/2021/26, de importe 400,00 € (facturas bonos premios concurso campaña apoio comercio local).
- Relación F/2021/31, de importe 150,01 € (facturas bonos premios concurso “O noso nadal”).
- Relación F/2021/64, de importe 1.562,50 € (facturas varias).

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do vixente orzamento municipal, prorrogado para 2021, o Pleno da Corporación **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2021 por importe total de 2.112,51€, que se contén nas seguintes relacións contables:

- Relación F/2021/26, de importe 400,00 € (facturas bonos premios concurso campaña apoio comercio local).
- Relación F/2021/31, de importe 150,01 € (facturas bonos premios concurso “O noso nadal”).
- Relación F/2021/64, de importe 1.562,50 € (facturas varias).

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal, prorrogado para 2021, os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións sinaladas no punto anterior.

3. Expediente 312/2020. Contratacións.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE



Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 312/2020, indica que como xa coñecen foi informado na Comisión, volvemos a traer a este Pleno a adxudicación de Mellora enerxética que financia o IDAE para o Concello de Outes. Como saben este proxecto xa fora licitado e obxecto de adxudicación neste Pleno pero unha das empresas presentou recurso ante o TACGal, recurso que foi parcialmente estimado e que viña a dicir que había que valorar unha serie de cuestións da documentación da empresa adxudicataria. Así se fixo, así se pediron tamén os informes técnicos e xurídicos pertinentes e con eses informes a mesa de contratación entende que os documentos presentados no seu momento pola adxudicataria CYMI S.A. son correctos. A mesa de contratación reafirma a súa decisión de adxudicar de novo este contrato á empresa CYMI S.A. por un total de 679.810,25€ máis IVE e proceder a tódolos trámites pertinentes.

Toma a palabra a Sra. Molinos que expón que se a mesa de contratación asistida convenientemente polo asesor legal e máis por asesor técnico adoptou a conclusión de que a documentación presentada pola empresa adxudicataria cumpre co establecido no PCAP no referente aos termos nos que se refire o TACGal e como establece na Resolución do 10 de setembro deste ano, o PP pouco ten que dicir ao respecto. De todos xeitos ao PP preocúpanos e prodúcenos moitas dúbidas que este procedemento dunha obra se vexa afectado por reclamacións en canto a súa validez, unha situación que requiriu a intervención do TACGal. O PP espera que polo ben de tódolos veciños de Outes no futuro estes recursos non deriven na perda da axuda por parte do IDAE debido a un mal manexo no proceso de adxudicación desta actuación. Outra cousa que queríamos comentar e se nos aclara é que no anterior Pleno preguntámoslle polos prazos de execución da obra e vostedes contestaron que xa tiñan unha prórroga pedida ao respecto pero que aínda non fora contestada. Nós despois de examinar a documentación que consta no expediente deste punto vemos que si hai unha petición de prórroga co IDAE pero non é unha petición de prórroga da finalización da execución senón no cumprimento da culminación do proceso de licitación e non vemos ningunha outra prórroga referida a pregunta que nós lle fixemos que é o prazo de execución. O que queremos é que se nos podía aclarar na súa próxima intervención se 1º recibiron contestación a esta segunda petición que si que vin que fixeran e que ten que ver ca culminación do proceso de licitación e tamén volvemos a preguntarlle se realmente hai unha petición de prórroga para a finalización do prazo de execución tal e como sinalou o Sr. Alcalde no anterior Pleno.



Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que unha vez máis entra en debate esta proposta, xa a apoiamos no seu día e entendemos que con esta resolución que vostedes nos presentan cremos que quedan dilucidadas tódolos problemas administrativos e de concurso que puido haber e é esperable que non haxa máis. Se é así esperamos que non sexa un inconveniente á hora de por en marcha un plan tan ambicioso e tan necesario para o noso Concello.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que expón que o grupo socialista supón que dada a situación que se derivou actualmente todo terá o visto bo das autoridades pertinentes entón só esperamos que non se retrase máis esta actuación.

Toma a palabra o Sr. González que indica que o Goberno tamén agarda que esta sexa a definitiva e lamentablemente non estamos exentos de que calquera das empresas poida considerar que o resultado da licitación non foi xusto ou adecuado en base á súa visión e non estamos tampouco libres de que poidan tomar medidas. Agardamos que non sexa así e que sexa firme e poidamos comenzar coas obras. Non tivemos resposta do IDAE, formal, e agora mesmo sobre a financiamento non teño o dato exacto sobre os meses que se precisan para rematar a obra e os que temos pero si que consultado varias veces ao equipo administrativo non vai a haber problema se a adxudicación xa é firme, hai prazo suficiente. Agora mesmo non lle puido dar unha data que ao mellor é errónea pero non debería haber problema.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que o Sr. González sigue sen responder a súa pregunta. A data de finalización do IDAE é o 19 de xullo do ano 2022 e que tiña no PCAP é 10 meses despois da acta de replanteo, na que o licitador reduciu o prazo e son 6 meses. No anterior Pleno díxonos que se pedira unha prórroga para a finalización, non sei que non a pediron se se equivocou vostede ao dicirmo. Responde o Sr. González que o Goberno pediu unha prórroga para a adxudicación, para ter adxudicado e asinado o contrato.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor.

PP: 5 abstencións.

BNG: 2 abstencións.



GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención.

ACORDO

ANTECEDENTES

Con data 15.07.2021, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria, adoptou o acordo de adxudicación das obras referenciadas a empresa CYMI S.A., consonte coa proposta emitida pola Mesa de Contratación de dito procedemento de licitación.

Con data 05.08.2021, a empresa TECUNI S.A.U. presentou recurso especial en materia de contratación perante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante TACGal), contra o antedito acordo de adxudicación.

Con data 09.08.2021, por parte da asesoría técnica contratada para este procedemento (Vertia Ingeniería S.L.U.) emite informe no que, en síntese, ratifícase nos xuízos de valor da oferta técnica xa elaborados no seu día para a valoración do Sobre B da licitación. Dito informe forma parte da documentación enviada ao TACGal na fase de alegacións preceptiva do recurso.

Con data 10.09.2021, o TACGal emite Resolución na que estima parcialmente o recurso interposto por TECUNI S.A.U., indicando que *“procede a anulación do acordo de adxudicación do 15.07.2021 e tamén a retroacción do procedemento de licitación aos efectos de que por parte do órgano de contratación se analice e adopte a conclusión que corresponda ao respecto do cumprimento pola oferta técnica da adxudicataria do establecido no PCAP nos extremos aquí debatidos, continuando co procedemento de licitación segundo proceda en dereito”*.

A vista da antedita resolución e tendo en conta que o obxecto do recurso plantexado baséase en cuestións estritamente de carácter técnico, por parte do Concello recabáranse o informes pertinentes á asesoría técnica contratada para ese procedemento (Vertia Ingeniería S.L.U.), do cal se deriva o Informe do 24.09.2021, asinado por D. Javier García Villamisar, inxeñeiro industrial, colexiado nº 2724 do ICOIIG.

Co fin de dotar da maior seguridade xurídica posible ao cumprimento do



establecido na Resolución do recurso, concediuse un trámite da audiencia á empresa CYMI S.A., para que alegara o que estimara oportuno en dereito. A antedita empresa presentou en tempo e forma escrito de alegacións asinado por D. Ramón F. Poncet Souto, representante da mesma, e de data 04.10.2021.

Con data 06.10.2021, o asesor xurídico da Corporación emite informe sobre determinados aspectos xurídicos para dar cumprimento ao requerido no xa citada resolución do TACGal.

Finalmente, a requerimento da Mesa de Contratación, Vertia Ingeniería S.L.U. emite un informe no que en síntese, determina que empresa CYMI S.A. é apta e os documentos presentados pola mesma son válidos e, polo tanto, non varía a puntuación obtida no seu día, en aplicación dos criterios dos pregos técnicos que rixen a licitación.

Considerando tódolos antecedentes expostos, o Pleno da Corporación **ACORDA**:

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato mixto de subministración e obras nas condicións que figuran na oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas á seguinte empresa:

OBRA	ADXUDICATARIO	PREZO (SEN IVE)	PREZO (CON IVE)
MELLORA ENERXÉTICA DE DIVERSOS ALUMEADOS EXTERIORES DO CONCELLO DE OUTES	CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI S.A.	670.810,25 €	811.680,40 €

SEGUNDO. Dispoñer o gasto correspondente de acordo co informe de fiscalización que se emita pola Intervención.

TERCEIRO. Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante en prazo de 15 días.

CUARTO. Designar a dirección de obra a Vertia S.L.U. de conformidade co contrato realizado e de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.



QUINTO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultasen adxudicatarios.

SEXTO. Notificar ao adxudicatario o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato, que terá lugar nos quince días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

SÉTIMO. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co detalle correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

OITAVO. Remitir ao Tribunal de Contas ou órgano de fiscalización da Comunidade Autónoma unha copia certificada do documento no que se houberse formalizado o contrato, acompañada dun extracto do expediente no que se derive. Todo isto, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato.

4. Moción PSG-PSOE BUS TARXETA XOVEN.

Favorable

Tipo de votación

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sucede que no noso concello estamos a ter un problema coa tarxeta xoven da xunta de Galicia, e explícome, non é que non funcione se non que os horarios os que se teñen que adecuar algúns dos nosos veciños e veciñas estudantes, son algo inhabituais. E sucede tamén que compañeiros do mesmo colexio ou instituto dependendo da parroquia ou da zoa que que vaian do noso concello, a uns sálle de balde e outros teñen que aboar o bus ou ir unha hora antes, o cal a certas horas da mañá implica un sacrificio e unha espera ata entrar no colexio de mais de 40 minutos. Ante esta situación e vistas as queixas que nos formularon algúns veciños e veciñas do noso concello, e visto que en anos anteriores se tiña unha partida de axuda para este mesmo fin, instamos a esta corporación a tomar o seguinte **ACORDO**:



1.- Estudarmos da man destes veciños a problemática actual e falar con mobilidade da xunta e/ou coas mesmas empresas concesionarias a ver si se atopa unha solución.

2.- Axudar a estes rapaces e rapazas, veciños do noso concello a paliar o gasto soportado polas súas familias igual que se fixo en anos anteriores, mentres non se atope unha solución beneficiosa para eles.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que expón que o carné xove que sacou a Consellería de Política social supón unha gran axuda económica para paliar os custes dos desprazamentos dos nosos mozos, pero de calquera xeito nós sempre estaremos de acordo para que se traballe para liberar os servizos do noso Concello. Polo tanto, se é preciso adecuar mellor ás necesidades de desprazamentos dos nosos estudantes aos servizos de transportes pois débense facer as xestións oportunas para que a situación sexa máis óptima.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que como non podería ser de outro xeito estamos de acordo co plantexamento desta moción e se ben é certo que votamos en falta que sea a propia Consellería a que asuma situacións que tan a miúdo acontece como é a dispersión demográfica da nosa poboación e que os institutos de bacharelato de referencia para o noso Concello non se atopan no noso concello, o que supón que unha serie de rapaces e rapazas de Outes teñen que facer unha serie de transbordos de distintas liñas de autobuses, no mellor dos casos, para chegar ao instituto de referencia. Noutros casos como expón a moción non teñen nin sequera esa combinación que poida acercalos ao núcleo da Serra onde poden coller o autobús que vai ao instituto de referencia, que neste caso é o de Noia. Para nós so caben dous tipos de solucións, unha é estudar por parte da Consellería a posibilidade de facer extensible a aceptación da tarxeta xove das liñas e outra que é o segundo punto da moción e que o Concello de Outes asuma o custo a maiores que supón para estas familias que non teñen esas alternativas. Parécenos unha boa solución momentánea o segundo punto pero nós pensamos que non debe recaer sempre nas arcas dos concellos os gastos e a responsabilidade que debe asumir a Consellería.

Toma a palabra o Sr. Alcalde que indica que efectivamente son conscientes do problema que afecta principalmente a rapaces do Freixo e de Broña que derivado de que a liña e os seus horarios non son adecuados para a asistencia tanto na ida como na volta para ir ao instituto de Noia vense na obriga de usar un servizo discrecional. Efectivamente a Xunta a través da tarxeta xente nova só financia



aqueles viaxes que son de liñas de concesión, regulares, non deste tipo. Entendemos que hai que buscar unha solución e así o falamos cos veciños, o que acordamos é que se recollan firmas por parte dos usuarios e familias desta zona para dalgunha maneira facer forza e nós como Concello ante a Consellería. Trataremos de falar coas empresas concesionarias para trasladarlle esa problemática e en segundo lugar en caso de non ter solución poremos a disposición dos veciños as axudas, que xa viñamos dando, de transporte escolar.

Toma a palabra o Sr. Caamaño para indicar que espera que se solucione canto antes e respecto ao que dicía o BNG que debería ser a Xunta faise referencia no primeiro punto e no segundo punto da moción establécese que mentres non se atopa esta solución tirar desas axudas.

Toma a palabra a Sr. Suárez para facer unha pregunta, en caso de que saia adiante esta moción suponse que estableceranse uns parámetros para acceder a ditas axudas?. Responde o Sr. González que os parámetros son os existentes e entende que con eses son suficientes. Continúa a Sra. Suárez que ao mellor polo parámetro só da renda non lle solventamos a algunha das familias que a súa problemática é forzosa, non un problema de renda, non se adapta aos horarios necesarios. Cremos que nese regulamente debería contemplar que estas parroquias non teñen a opción de usar outro tipo de liñas gratuítas ou con desconto. Responde o Sr. González que estudaran esa cuestión e o acordo agora é este e miraremos as bases e terémolo en conta.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor.

PP: 5 votos a favor.

BNG: 2 votos a favor.

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor.

Apróbase a presente moción por unanimidade.

Abandona o Pleno da Corporación o Sr. Gosende Concelleiro do PP ás 20:31 horas.

5. Moción BNG LEI XERAL DE AUDIOVISUAL.

Favorable	Tipo de votación



O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

Plataformas de emisións de contidos audiovisuais como Netflix, HBO, Prime Vídeo ou Movistar, ou incluso as canles xeralistas con concesións públicas de TV, emiten os seus contidos só en castelán sen nen sequera contaren coa opción dobrada ou lexendada en galego que si ofertan para outras moitas linguas.

Mesmo a canle pública estatal, TVE, tamén financiada con diñeiro galego, só emite na nosa lingua 39 minutos sobre un total de 120 horas diarias.

Até o momento a lexislación xeral audiovisual só estableceu porcentaxes obrigatorios de contidos mínimos e financiamento en castelán, o que limita o acceso a contidos en galego, impide que a infancia, a mocidade e o conxunto do público gocen dunha oferta máis ampla de series e filmes en galego e sitúa en inferioridade de condicións de financiamento ao sector audiovisual galego. Porén, esta situación pode mudar na nova Lei Xeral de Comunicación Audiovisual.

En maio de 2021 o Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade a Iniciativa Popular Xabarín impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e avalada por máis de 33.000 sinaturas, xa contemplaba algunhas medidas para corrixir esta situación solicitando accións para:

- Que a nova Lei Xeral do Audiovisual recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.
- Reclamar da Corporación de Radio Televisión Española que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

En base ao exposto, proponse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte



ACORDO

-O pleno do Concello de Outes acorda adherirse á Iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza (PNP-001472) publicada no BOP no 126, de 21/04/21 e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que na súa exposición fan alusión a que en maio deste ano no Parlamento de Galicia aprobouse por unanimidade a iniciativa popular Xabarín impulsada pola mesa de normalización lingüística. Sen embargo, o texto que finalmente se aprobou no Parlamento, efectivamente por votos a favor por todos os grupos que o integran, non foi o que se publicou no 126 do 21 de abril como acaba de dicir vostedes. Senón que foi un texto ampliado coas achegas feitas polo PP tal e como se recolle no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia 142 do 21 de maio e nós apoiaríamos a súa moción se se modificase o acordo referido nese sentido e se referenciase o que realmente sucedeu no Parlamento de Galicia e o que realmente se aprobou que foi o que antes dicía. Mudaríase o acordo polo seguinte: Que o Concello de Outes acorda adherirse a proposición non de lei que o Parlamento Galego aprobou o día 12 de maio do ano 2021 e se publicou no BOP número 142 do 21 de maio do ano 2021 e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE.

Continua a Sra. Molinos indicando que dita proposición non de lei foi a que se aprobou no Parlamento de Galicia coas modificacións ao respecto do texto orixinal, aprobada polos 74 membros que estaban presentes naquel día na Cámara incluíndo aos seus compañeiros do BNG. Se vostedes teñen a ben mudar o texto do seu acordo neste sentido apoiaríamos esta moción.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que expón que a verdade non sabe por onde comezar. Ás veces estou convencido que non miran polo noso concello que é realmente o que lles debería importar, ás veces non sei a onde miran polo menos a min sobrepásame. Eu xa sei que o seu partido ten moitas gañas de gobernar este país como fixeron os cataláns co beneplácito de socialistas e populares. Pero créanme que as veces parece que me queren facer perder o tempo, a min e a



esta Corporación. Pola súa moción en maio de 2021 o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade a iniciativa popular Xabarín impulsada pola mesa de normalización lingüística. Vostede creen realmente que quen ten que tomar esa decisión vai mudar porque o Concello de Outes aprobe esta moción. Se o cren adiante pero mire eu considérome trilingüe, porque falo, escribo e entendo tres linguas; o galego, el castellano e o “jalejo”. Cren vostedes que porque o meu fillo fale castelán eu son un mal pai ou son un mal galego, eu creo que non. Vou máis alá lémbrolles a vostedes que no mes de xuño referencia a unha moción súa sobre a electricidade dicía algo así “como se ve que fai caso e defende o seu partido”. Fíxense na diferenza con vostedes, primeiro eu apoiei esa moción como non podería ser de outra forma e segundo eu non traio ao Pleno de Outes moitas mocións que me mandan dende o meu partido, saben porque, porque non creo que sexan a guerra de Outes nin dos nosos veciños e veciñas. Vostedes si o fan, díganme agora quen depende máis do seu partido o Partido Socialista de Outes ou o BNG, eu ou vostedes. E como colofón final desta alegación, vai por diante que van ter o meu apoio, porque son galego e considérome galego, pero o que me parece é irrelevante para o devir do Concello de Outes.

Toma a palabra o Sr. González que indica que debe referirse a un par de cuestións, en primeiro lugar cremos no espírito da moción e na importancia dos contidos en galego dirixidos á mocidade, polo que discrepo co dito polo compañeiro do Partido Socialista, o que pase a nivel galego o que pase coa nosa lingua temos que importar aínda que sexa unha declaración institucional que toca un problema e para nós é moi importante. Estamos a falar da transmisión da nosa lingua aos nosos fillos e aos nosos netos, a subsistencia de Galicia como país con cultura propia. Dito isto e estando de acordo con esta cuestión xúrdenos a dúbida de que partíamos de que o que poñía na moción era o correcto e xurdiu a dúbida se efectivamente o que se apunta por parte do grupo PP foi o que se publicou en maio e vostedes están de acordo con esa cuestión creo que sería importante.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que aceptan a proposta de enmenda do PP porque así foi recollido e non temos ningún problema xa que é un erro. E dito isto e aclarando que todo o que dicimos aquí é nun ton amigable e construtivo. A verdade estamos abraizados coa intervención do compañeiro do Partido Socialista, máis que nada porque dicía que vimos aquí a perdelo tempo pero el alargouse ben en moitos detalles, non perdeu vostede oportunidade de sacarnos detalle. Con respecto ao que nos debe importar son os veciños de Outes, doulle a razón, e o BNG sempre o fai mediante mocións, rogos, preguntas etc e si que lle facemos perder a vostedes o tempo como Concelleiro pero non aos veciños de Outes porque consideramos que é o noso traballo como representantes dos veciños é



traer aquí os seus problemas. Pero como traemos aquí os seus problemas vinculados ao Concello de Outes tamén traemos aqueles que non afectan exclusivamente aos veciños de Outes pero afectan ao noso país e polo tanto tamén aos nosos veciños. Por iso consideramos a importancia desta moción e a preocupante perda do uso do galego, por iso consideramos que isto non é perdelo tempo e que vostede decida non presentar moción que non van máis alá dos nosos lindes municipais é respectable pero parécenos que debemos defender aos veciños de Outes en todo o eixo.

Vostede dicía que porque o Concello notificase ao sitio onde teñen que tomar decisión non ia ser unha diferenza pero se hai de máis concellos si que sería máis efectiva e tería máis forma. Nós non consideramos que ninguén sexa mal pai ou mala nai porque os seus fillos falen castelán e a cuestión non depende só deles e isto ven relacionado con esta moción, xa que o 90% do contido que consumimos diariamente atópase en castelán, por iso esta proposta.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que lle parece ben que se aceptara o cambio no texto do acordo, xa que, nos parece máis rigoroso e máis correcto, xa que, no 126 o que se reflectía era a súa aceptación a trámite.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que a el non lle fan perdelo tempo as preguntas e os rogos do BNG, cando veño ao Pleno porque par iso estamos aquí, o que me sobrepasa un pouco é que se o seu grupo político no Parlamento de Galicia defendendo este país apoia e aproba unha moción, vexo que é defender o mesmo, se xa o aproban a nivel Galicia penso particularmente que nestes casos do Concello paréceme que sobra persoalmente, pero teñen todo o seu dereito a traelo. Como exemplo o relativo á Galicia profunda, eu case traio unha moción pero xa no Parlamento de Galicia puxéronse de acordo, pois para que a vou traer ao Concello de Outes se seguro que estamos todos de acordo. Paréceme que xa hai aun nivel superior que defenda esas cousas e vir eu ao Concello de Outes e defender 20 minutos, que non é polo tempo, e deixar de facer rogos porque se nos esgota o tempo do Pleno.

Indica o Sr. González que entende que o texto do acordo cambia o BOP e procede a Sra. Molinos a ler o texto que se vai a someter a votación: o Concello de Outes acorda adherirse a proposición non de lei que o Parlamento Galego aprobou o día 12 de maio do ano 2021 e que se publicou no BOP número 142 do 21 de maio do ano 2021 e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección



Xeral de RTVE.

ACORDO

O Concello de Outes acorda adherirse a proposición non de lei que o Parlamento Galego aprobou o día 12 de maio do ano 2021 e que se publicou no BOP número 142 do 21 de maio do ano 2021 e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos en contra

PP: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

4. Moción BNG MELLORA SERVIZOS CONCILIACIÓN.

Favorable

Tipo de votación

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

En agosto do 2019 o pleno da corporación de Outes aprobou unha moción do BNG na que o acordo dicía: “Que o goberno municipal comece os diálogos e trámites precisos coa Xunta para instalar unha escola infantil pública “Galiña Azul” no noso municipio.” A día de hoxe o goberno non avanzou absolutamente nada neste sentido e non amosa intención ningunha de traballar para conseguir que a Xunta atenda as crianzas do noso concello.

Iso si, actualizaron a ordenanza do Punto de Atención á Infancia para que tivera



un funcionamento máis semellante ao dunha escola infantil e suplir esta carencia, mais, a realidade é totalmente distinta. A día de hoxe temos un PAI desbordado, cunhas instalacións totalmente insuficientes e sen o número de traballadoras necesario para poder garantir un servizo seguro e de calidade para as crianzas.

Foron varios os pais e nais que nos achegaron as súas queixas sobre isto e incluso coñecemos algún caso no que, directamente, optaron por levar os cativos a concellos veciños pola situación actual do servizo.

O grupo municipal do BNG está moi preocupado pola situación actual do servizo municipal e non comprendemos como o goberno de Outes pode estar de brazos cruzados ante unha situación tan urxente. É por iso polo que demandamos que se reforce o persoal, se retomen as negociacións coa Xunta e se aceleren os trámites para levar, dunha vez por todas, o PAI ao Navasqués.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

1. Solicitalle á Xunta a instalación dunha escola infantil pública no concello de Outes.
2. Reforzar o persoal do Punto de Atención a Infancia.
3. Acelerar os trámites para trasladar o PAI ao colexio de Roo.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que Compromiso por Outes chegou ao goberno do Concello impulsado por unha chea de promesas descritas no folleto do seu programa. A día de hoxe, máis de dous anos despois, a maior parte delas seguen escritas nese folleto, porque non foron quen de cumprilas. Queda visto que a este Goberno falar e prometer resúltalle moito máis doado que facer e cumprir. Entre estas promesas encontrábase a transformación do actual Punto de Atención á Infancia nunha escola infantil, ao pouco de chegar ao poder este Goberno variou o regulamento do PAI e creou unha ordenanza fiscal para cobrarlle aos usuarios dese servizo. Queremos puntualizar que esta ordenanza non é unha ordenanza actualizada senón que é unha ordenanza de nova creación, xa que, o servizo que se prestaba no PAI nas anteriores lexislaturas era gratuíta para os usuarios. Polo que non foi unha modificación da ordenanza fiscal



e si unha modificación do regulamento. Esa modificación con respecto ao anterior consistiu en non pechar ao mediodía, ampliando en 3 horas do PAI e ampliouse a posibilidade de traer comida da casa, medidas que conlevaron á ampliación do persoal. O PP non sabe se o grupo municipal con estas actuacións da por realizada a súa promesa de transformar o PAI en escola infantil. A nós parécenos que de ser así non conseguiron de ningún xeito o seu obxectivo porque unha escola infantil debe de ter unha estrutura e ofrecer uns servizos que nada ten que ver o que se está prestando no PAI. O que realmente fixo este goberno con respecto ao PAI foi ampliar un pouquiño o servizo do PAI e cobralo a prezo de escola infantil.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista que indica que será máis breve porque cree que teñen razón e que isto si lles afecta aos veciños de Outes. Ademais por coherencia, xa que tiveron o apoio dos socialistas de Outes naquela ocasión e vana ter agora. Aínda que diferenciamos dúas cousas, por un lado, estase remitindo ao PAI reclamando o reforzo do persoal e o seu traslado ao Cruceiro de Roo e por outro a famosa galiña azul. De todos xeitos, cremos que logo de dous anos o servizo actual xa debería estar en Roo e se non o está é porque a chamada burocracia do noso Sr. Alcalde e do seu grupo non lles interesa, de momento.

Toma a palabra o Sr. González indica que o compromiso do Goberno foi o de mellorar o PAI co obxectivo de promover a conciliación e que as familias de Outes puideran ter un servizo de conciliación como é debido. Efectivamente iso pasaba por transformar o PAI nunha escola infantil porque o que tiñamos hasta ese momento non servía para o obxectivo que nós tiñamos e senón que calquera familia que tivera que traballar e quixera ter un servizo de oito horas non podía contar cos servizos do PAI porque a normativa era doutro xeito. As primeiras xestións que fixemos foron xusto coa Xunta de Galicia, tivemos conversas en 2019 con Perfecto Rodríguez, xerente do consorcio servizos de igualdade e benestar, e o que nos trasladou foi que non entraba nos plans do urbanismo pertinente das galiñas azuis instalar ou crear unha en Outes. En 2020 tivemos a visita da directora de seguridade social e familia e trasladámoslle exactamente o mesmo e contestouse o mesmo que non se atopaba entre as prioridades. Fai poucos meses en 2021 tiven unha reunión coa Conselleira de Igualdade e entre moitas outras cousas falamos desta cuestión e volveron a repetir o mesmo. Así que o de que non facemos nada non é certo e en calquera caso debo de dicir que non depende do Concello que teñamos unha Galiña azul, senón que depende da Xunta de Galicia.



En calquera caso e independentemente do que falamos coa Xunta de Galicia non podiamos esperar a que tivera a boa vontade de establecer aquí unha escola infantil e por iso procedemos xa dende o principio a facer dúas cousas: a primeira modificar a normativa do plan PAI logo de saber que o PAI podía funcionar de forma moi parecida e equiparable a unha escola infantil, foi xustamente modificando a normativa do PAI para que funcionara da forma máis parecida a unha escola infantil. Isto implicou un servizo de conciliación, poden deixar aos rapaces durante 8 horas, implicou reforzar e duplicar a plantilla, porque ademais aprobouse a RPT non hai tanto tempo, e tamén o PAI abre de de 8 da mañá ás 7 da tarde. Non é pouca cousa e fixémoslo nun tempo moi rápido, aprobar a nova normativa. Como tiñamos un custo superior entendiamos que era necesario establecer uns prezos máis baixos cos das propias escolas infantís, Galiñas azuis.

En segundo lugar sabiamos que as instalacións non eran as máis adecuadas, polo que nós xa tiñamos a idea de trasladar o PAI a o antigo colexio do Cruceiro de Roo e xa en outubro do ano pasado trouxemos un proxecto aquí para financiar con fondos propios a mesma. É importante recalcar que o PAI leva funcionando un ano e pico con esta nova normativa e funcionou sen ningún tipo de incidencia reseñable, porque vostedes veñen aquí pouco máis que o servizo foi desastroso e ata a outubro deste ano funcionou. Este ano o curso comezou en setembro e hai aproximadamente tres semanas unha nai achegouse ao Concello e nos trasladou que entendía que o persoal non era suficiente e que as instalacións non eran adecuadas e posteriormente outra nai tamén o trasladou, o que fixemos foi que no momento no que se incorporou a coordinadora do PAI das súas vacacións tivemos unha reunión co persoal onde se nos indicou que efectivamente había unha serie de problemas puntuais derivado de que este ano había un número elevado de nenos menores de 12 meses e que coincidiron no tempo. Iso reclama máis atención e decidimos reforzar o persoal dende este luns pasado con 5 horas mais a atención destes cativos.

Continua que o terceiro punto da moción de traslado ao Cruceiro de Roo, repito que nós en outubro pasado trouxemos a este Pleno unha proposta para financiar unha serie de proxectos con remanente de tesourería deste Concello, entre eles unha das propostas era adecuación da planta baixa do Cruceiro de Roo para o PAI. Lembraran o que votaron naquel momento, que non. Vostedes indicaron que unha serie de proxectos non ian ser financiados cos fondos de tesourería, entre eles este, e outros si. Se vostedes revisan os vídeos verán que dixen que me parecía increíble que vostedes voten en contra de que se financie con remanentes a adaptación do PAI no antigo colexio do Cruceiro de Roo. Vostedes despois



tiveron a ben de instarnos que esta obra se incluíran na proposta de obras e servizos da Deputación que foi aprobada no mes de xaneiro de 2021 e que visto que non se podía financiar cos remanentes incluíronse. Eu nese Pleno, recordarán, díxenlles que era un erro por dúas razóns porque metendo esta obra non podemos meter outras e porque os tempos de execución na medidas de que dependen doutras administracións son máis longos e obras como os do PAI van a tardar en estar executados entre 10 e 12 meses, por iso chámamos a atención que despois de que no Pleno de outubro onde propuxemos dotar crédito vostedes votasen en contra e agora dígnanos que hai que axilizar os trámites.

Toma a palabra a Sra. Molinos que quere realizar dous puntualizacións, acaba de dicir que adquiriu vostede o compromiso firme cos veciños de Outes para mellorar o servizo de conciliación, co que adquiriu vostede compromiso firme foi co plasmado no folleto do seu programa que é literalmente “transformación do actual PAI nunha escola infantil” e iso non o cumpriu, polo tanto, non creo que falase tan desacertado. Ao mellor antes de prometelo tiña que darse conta do que acaba de dicir, que non dependía de vostedes. Se se dedican a prometer cousas que non dependen unicamente de vostedes o que sucede é o que está sucedendo.

Outro punto é que si que efectivamente a súa rapidez de actuación implicou que moitas familias que precisaban deixar aos seus fillos no PAI que o poden facer durante un horario prolongando. Pero tamén indicou que moitas outras familias que non necesitaban deixar aos seus fixos durante un horario tan prolongado só o necesitaron esporadicamente e poucas veces á semana e que ao mellor non poden pagar ese servizo o que implicou é que vostedes as deixaron fora. O peor de todo é que as deixaron fora sen alternativa algunha, iso foi tamén unha implicación da súa celeridade á hora de xestionar os servizos de conciliación.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que o Sr. González di que hai dous anos que implantaron unha nova regulación no PAI para que funcionara como unha escola infantil, efectivamente unha das promesas que levaban no seu programa. Por suposto, que para nós foi unha medida acertada porque pese aos inconvenientes para algunhas familias que precisan os servizos de un PAI propiamente dito si entendemos que é máis factible unha conciliación laboral e familiar cunha escola infantil que cun PAI. Logo engade que dita implantación non poida trasladarse ás infraestruturas do Cruceiro de Roo porque nós votamos en contra, cousa que non é verdade, o que pasa que vostede ten a fea costume de incluír os paquetes orzamentarios sin negociación previa (esgrimir que é prioritario para o noso Concello) e nese paquete ian incluídos esta pero outras actuacións que non considerabamos que fora imperiosa a súa posta en marcha



polo feito de que nos vimos obrigados a votar en contra do paquete en total non dalgunhas actuacións específicas. Di vostede que leva dous anos funcionado este proxecto pois nós pensamos que a implantación dun proxecto debe ir acompañado polo seguimento e avaliación do mesmo, cousa que vostedes non fixeron. Non trate de enganar a ninguén coa súa dialéctica, vostede non procedeu ao reforzo do persoal porque recolleran as queixas das familias a realidade é que o luns pola mañá este grupo o BNG presentou unha moción, o xoves publicouse un vídeo do noso grupo onde denunciabamos a situación deficitaria neste servizo así como do complicado que é manexar a 12 rapaces nunhas instalacións tan reducidas. O venres fai declaracións públicas vostede nunha televisión onde xa sin esperar a este Pleno ten a ben comunicarnos vía televisión comarcal de que vai proceder ao reforzo do persoal durante 5 horas sen identificar cales e durante 2 meses feito que nos chama moito máis a atención, xa que non sabemos que vai pasar neses dous meses. Non sabemos se os rapaces van a ser independentes a hora de permanecer neste servizo e non precisar a atención deste persoal.

Cabe resaltar que unha escola infantil non é un lugar onde só se coiden e atendan as necesidades dos máis pequenos e pequenas das nosas familias senón que hai que facer con eles un traballo de educación que a día de hoxe non se pode facer. Rogámoslle que contemple manter este reforzo de servizo durante o tempo que sexa necesario mantendo un diálogo construtivo e que se tomen en serio a importancia do traslado ás instalacións do Cruceiro de Roo.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que o Sr. Alcalde que no 2019 xa non entraba nos plans do consorcio, no 2020 tampouco e no 2021 tampouco eu creo que o noso Alcalde ten pouco peso institucional, non foi quen de sacar nada da Xunta en tres anos nin da Deputación fora das obras establecidas. Era un gran paso e unha gran obra en Outes a conta das outras institucións, pero non foi capaz.

Toma a palabra o Sr. González que fai referencia ás palabras do Sr. Caamaño e lle indica que seguro que el ten moito máis peso institucional e que seguro que a el a Xunta de Galicia o trataba doutra maneira, pero os veciños de Outes escolleron ao Alcalde que escolleron. En calquera caso agardo que a colaboración coa Xunta de Galicia esperamos que sexa exitosa así como coa Deputación. Vostedes céntranse moito na denominación pero a nós o que nos importa e que preste os servizos que ten que prestar, nós estamos pola conciliación e a prestación do servizo.

Os dous problemas son o reforzo puntual que xa está feito e en segundo lugar



trasladar as instalación a un lugar debido como pretendemos facer na Planta baixa do Cruceiro de Roo, este proxecto será pronto a licitación. Sra. Suárez non é certo que vostedes votaran en contra dun paquete e como esta obra iba vostedes tiveron que votar en contra. Nós propuxemos unha serie de actuacións por valor de medio millón de euros e que vostedes tiveron a ben dicir estas actuacións vinculámolas e estas outras ou non. Non consideraron prioritarias esta actuación, se ese crédito fose habilitado posiblemente xa tivéramos habilitado o centro no Cruceiro de Roo. Vostedes co seu voto impediron habilitar crédito naquel momento e que se se fixera moi posiblemente esas obras, agora estarían rematadas. Resúltame de hipocrísia que vostedes digan que fai falta unha cousa e que o goberno pon os medios para conseguilo e vostedes voten en contra ou que non o fagan posible cos seus votos. Iso é o que está pasando aquí.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 abstencións

PP: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor.

4. Moción BNG CICLO INTEGRAL DA AUGA.

Favorable	Tipo de votación
-----------	------------------

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

1.- A Xunta de Galiza está a tramitar un novo Anteproxecto de Lei de mellora do ciclo da auga. Este novo texto vén despois do seu fracaso ao intentar impoñer a coñecida como SOGAMA da auga no ano 2019. O obxectivo deste anteproxecto de lei afástase moito do seu título, xa que nada do seu contido supón ningunha



intervención na mellora da xestión do ciclo da auga por parte da Xunta de Galiza.

Os obxectivos reais do mesmo poden resumirse en dous: incrementar de xeito importante a carga fiscal da Xunta en relación ao ciclo da auga aos Concellos, ás entidades de xestión da auga e ás usuarias domésticas e asimilábeis, e derivar nas entidades locais, Concellos e Deputacións, as súas obrigas e competencias.

2.- Desde a súa chegada á presidencia da Xunta en 2009 a actuación do goberno do PP en relación coa xestión integral do ciclo da auga caracterizouse pola ausencia de planificación e programación. Galiza non ten elaborado nesta altura de 2021 ningún plan de xestión integral do ciclo da auga no ámbito das competencias galegas. O goberno presidido polo sr. Feijoo nin tan sequera cumpre coas obrigas legais establecidas en leis elaboradas por el mesmo. Así, non está elaborado o plan xeral de abastecemento nin o plan xeral de saneamento, pendentes desde a aprobación da Lei de augas en 2010. Na responsabilidade da Xunta de rexeneración e saneamento integral das rías non se avanzou nada, estando a día de hoxe pendente de sancións da UE por incumprimento reiterado das súas obrigas en materia de depuración.

No ano 2013 a Xunta asinou coa FEGAMP o Pacto Local da Auga que tiña como finalidades establecer os criterios tarifarios e de planificación hidráulica cos concellos, facendo referencia ao reparto dos fondos derivados dos ingresos polo canon da auga. Hoxe en día está todo por facer ou incumplido no referente a este Pacto da Auga, mentres a Xunta segue a impoñer impostos, taxas e obrigas aos Concellos.

3.- A precaria situación da planificación e xestión da depuración por parte de Augas de Galiza fai que agora pretendan devolverlle esa responsabilidade aos concellos (20 anos despois de declárala de interese xeral), utilizando a modificación e elaboración de novos marcos legais para esquivar as súas obrigas.

Mesmo usando mecanismos de presión impropios dun goberno democrático, aqueles Concellos que non acepten as condicións da Xunta non participarán dos investimentos en obras hidráulicas.

4.- Nos últimos doce anos a Xunta de Galiza non ten dado ningún paso para ter a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego. A mellora e xestión efectiva do ciclo da auga en Galiza precisa dun impulso real a ter a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego e non só sobre a



bacía de Galizacosta, xa que o resto do sistema é de competencia estatal.

5.- Este Anteproxecto de Lei pretende incrementar o recadado polo canon da auga coa súa modificación establecendo unha nova cota e sancionando polas perdas nas redes de abastecemento ás entidades titulares. E fai isto sen que por parte da Xunta se teña avanzado na planificación do abastecemento. Como se se tratase dunha broma pesada faino nun ano no que vimos como as empresas eléctricas baleiraban impunemente os encoros galegos para lucrarse da nosa auga.

6.- O incremento do canon da auga como procedemento sancionador non é o único tributo que incrementa a Xunta. Así, transforma o coeficiente de vertedura en dous novos tributos: o canon de depuración e o canon de colectores. Incrementa o canon de depuración na fórmula de cálculo e introduce a obrigatoriedade de pago dos Concellos do canon de depuración pola auga da chuva. Despois de anos de nula xestión por parte do goberno galego do sistema de depuración e da escasa colaboración cos Concellos na mellora da rede de saneamento, pretende obrigar aos municipios a pagar pola depuración da auga da chuva nas edares que xestiona a Xunta.

Con estes tres cambios fiscais: canon da auga, canon de depuración e canon de colectores a Xunta multiplica por tres a carga fiscal actual pola xestión do ciclo da auga sen que isto supoña ningunha mellora na súa xestión por parte do goberno galego.

7.- O anteproxecto introduce a creación por parte da Xunta de aglomeracións urbanas para depuración, establecendo unha serie de obrigas de planificación e control, sen ningunha obriga para a Xunta e sen ningunha capacidade de decisión para as entidades locais integrantes. Novamente a Xunta substitúe a súa ausencia de planificación pola recarga de novas obrigas sobre os Concellos e ameazas de procedementos sancionadores para os mesmos.

8.- Introduce condicións de financiamento e colaboración coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento arbitrarias, sen ter base nun estudo da realidade da xestión do ciclo da auga, sen ter en conta a capacidade económica dos municipios e sen incluír o esforzo orzamentario que levan feito os concellos nesta materia. Ademais, invade competencias doutras administracións ao pretender establecer mediante lei un sistema de financiamento a terzos (Deputacións, Concellos e Xunta) das infraestruturas hidráulicas nos concellos de



menos de 20.000 habitantes.

Cómpre lembrar que nos últimos anos a Xunta estivo recibindo fondos europeos para saneamento e depuración que foi incapaz de xestionar adecuadamente e que distribuíu no territorio de forma arbitraria e sen ningunha planificación que soportase os criterios de investimento.

9.- O anteproxecto tamén introduce un canon de abastecemento para aquelas infraestruturas de abastecemento que xestiona a Xunta. Novamente este canon non está acompañado de ningún estudo de costes e supón un importante incremento sobre o custe actual. A Xunta segue a introducir taxas nunha Lei evitando desta forma a capacidade de introducir cambios ou acordos por parte das entidades ás que presta o servizo. Hai no Anteproxecto de Lei unha confusión interesada entre convenio e relación contractual pola prestación dun servizo que terían os Concellos con Augas de Galicia como entidade empresarial.

10.- A falta de interese por parte da Xunta de chegar a unha axeitada xestión do ciclo da auga tamén se pon de manifesto polo feito de ter exposto a suxestións este Anteproxecto de Lei durante o verán, conscientes das dificultades dos Concellos para estudalo nesa época e da sociedade en xeral para poder coñecelo.

Un interese real por resolver un problema tan grave para Galiza como a xestión do ciclo da auga precisa dunha actuación con altura de miras, con visión de país e con medidas reais para implicar a todos os actores involucrados na súa solución: Xunta, Entidades locais, comunidades de Augas, empresas, movemento asociativo e persoas usuarias...

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

1-Instar á Xunta de Galiza á paralización da tramitación do Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga e á elaboración dunha planificación integral da xestión do ciclo da auga en Galiza.

2- Abrir un marco de negociación con todas as entidades implicadas na xestión do ciclo da auga para a elaboración desta planificación.



DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que o PP ve que piden que se paralice o anteproxecto do ciclo da auga, pero pensamos que o fan tomando como referencia unhas motivacións que consideramos que non son correctas. Falan de que a Xunta pretende derivar as súas competencias nos Concellos e iso non é así porque a Xunta non ten competencia en materia de augas, tanto no abastecemento como o saneamento e a depuración son competencias municipais, e a pesar diso si que se presta apoio económico pola Xunta de Galicia nese ámbito. Outra incorrección é a creación de novas taxas cando iso non é así, o que se prevé é a ordenación das taxas xa existentes e que serán unicamente de aplicación naqueles concellos que cedan de xeito voluntario a xestión do seus sistemas de saneamento e depuración á Xunta de Galicia. Tampouco esta lei sería unha decisión unilateral da Xunta, xa que, a adhesión é voluntaria e non vemos que os fondos se repartan aleatoriamente, xa que, estase a actuar en concellos de tódolos colores políticos e a maior parte das depuradoras que xestiona a Xunta neste momento son de concellos non gobernados polo PP. En canto a transparencia e participación, abriuse un prazo para alegacións e este ampliouse dúas veces. No marco de conversas coa FEGAMP esta completamente establecido o proceso transparente. Para nós o presente anteproxecto de lei ten como obxectivo mellorar a xestión do ciclo integral da auga baseándose no coñecemento dos problemas dos concellos para xestionar debido sobre todo no caso do rural nas grandes dimensións dos seus concellos e das limitacións técnicas como económicas, que fan que sexan dificultosos. En suma, que se pretende mellorar na calidade da auga dos ríos e rías de Galicia e atender aos concellos que así o soliciten de maneira voluntaria a exercer as súas competencias en abastecemento, saneamento e depuración, paliando eses problemas técnicos e económicos.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que reitera que como dixo hai cousas que lle sobrepasan. Só lle deixo enriba da mesa unha pregunta: Creen que o que non consegue o BNG no Parlamento de Galicia coa Xunta de Galicia ímolo conseguir cunha moción dende o Concello de Outes?.

Toma a palabra o Sr. González que indica que por unha banda consideran positiva a iniciativa lexislativa referida ao ciclo da auga, no sentido que é necesario unha regulación de forma integral da auga, pero ao mesmo tempo entendemos o que manifestou a propia FEGAMP á vista da proposta da Xunta de Galicia, xa que, hai diferentes aspectos que non quedan suficientemente aclarados. Por ese motivo facémonos eco da proposta da FEGAMP e entendemos que esa negociación serva



para mellorar a lei e non sabemos se coa paralización do trámite da mesma, pero si instamos á Xunta a que negocie cos representantes dos concellos que son os que ao final van ter que dicirlle ao cidadán como se vai xestionar iso e que tributos van ter que pagar. Polo que igual é necesario un maior exercicio de consenso.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que comezará pola pregunta formulada polo voceiro do Partido Socialista, non é que a Xunta atenda a petición do Concello de Outes pero que como reiteramos que as cousas que afectan aos cidadáns tamén afectan aos veciños de Outes, polo que o consideramos suficientemente importante como para sumar esforzos. O BNG aproveita todas as institucións que temos nas nosas mans para conseguir que se atenda as necesidades dos galegos e dos outenses. Por outro lado, con relación a intervención da voceira do PP o que o BNG considera é que a Xunta non fixo os seus deberes e por isto de forma non consensuada establece un aumento da tarifa aos veciños. Cantos anos leva o noso partido da nosa comarca demandando un saneamento integral da nosa ría? Día tras día seguen sen aportarse solucións ou sen investirse cantidade de diñeiro para solventar este problema. Como pode ser que a día de hoxe o concello de Noia solo trata o 30% da súas augas? E iso é algo que polo seu elevado custo e pola difícil capacidade de asumir economicamente os concellos tamén debería de traballar nisto, a Xunta de Galicia e así tamén hai un motón de avisos da Unión Europea de sancións por non ter asumida esta problemática. Non ten sentido que no ano 2021 isto non se fixera e é por iso que pensamos que debe paralizarse e chegar a un consenso e mellorar realmente o ciclo.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que entenden que a FEGAMP e a Xunta de Galicia están traballando sobre esta cuestión e coincidimos en parte cos contidos pero ímonos a abster y agardar que destas reunións salgan uns mellores resultados.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 abstencións.

PP: 4 votos en contra.

BNG: 2 votos a favor.

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención.



Decae a moción presentada polo BNG.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS

- PREGUNTAS

• Do PP:

1ª PREGUNTA. A pesar de que vostede manifestou en diversas ocasións ante os medios de comunicación que os Obradoiros de Emprego promovidos pola Xunta en colaboración cos concellos son unha magnífica ocasión para que veciños do Concello teñan a oportunidade de formarse en distintas materias para acceder con mais facilidade ao mercado laboral, vemos que o goberno non solicitou ningún obradoiro na convocatoria 2021-2022.

1.- ¿Cales son as razóns polas que non se fixo esa solicitude, que lle daría a oportunidade a veciños de Outes de formarse teórica e practicamente durante a duración do Obradoiro con contrato laboral e cotización, para que posteriormente puidesen acceder a un posto de traballo con mais facilidade?

Responde o Sr. González que como saben que en solitario non poden solicitalo porque hai que ter unha media de desempregados, que por sorte non chegamos. Os últimos que se pediron solicitáronse co concello de Noia e Lousame, este ano rematou a parte formativa fai unhas semanas pero agora toca un traballo moi importante administrativo que recae no concello de Outes, que é quen coordinaba este obradoiro o de 2020-2021, e polo tanto, tamén comentando co concello de Noia que quería participar con nós. Entendemos que deberíamos agardar outro ano. De todos xeitos, quero lembrar que vostedes no ano 2019 tampouco participaron nos obradoiros e sen embargo os concello de Noia e Lousame por si mesmos si que o fixeron e Outes non.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que se formulase a pregunta no seu momento seguramente se lle houbera contestado. Di o Sr. González que non se pode facer en solitario pero co que non estou de acordo é que o teñan que facerse



con Noia, téñeno que facer con concellos limítrofes e hai moitos máis e non sabemos se vostedes falan con eles.

Toma a palabra o Sr. González que indica que como viñan traballando co concello de Noia e por exemplo Muros e Carnota levan tempo traballando en conxunto. Puntualiza a Sra. Molinos que non é unicamente co concello de Noia con quen se pode realizar.

2ª. Varios veciños fixéronnos chegar as súas queixas en relación a que na recollida de entradas para asistir as actuacións incluídas no Outono Teatral, unicamente se proporcionan dúas entradas por persoa, podendo darse o caso, por exemplo, que en familias que teñan dous fillos pequenos so terían dúas entradas e faltaríalles unha terceira para poder acompañalos, ou peor aínda se tiveran mais fillos, tendo só dúas entradas, ademais de faltarlles a terceira deberían elixir a cal deles deixaban na casa. As nosas preguntas son:

- 1.-** ¿Esto que acabamos de expoñer é realmente así, e de selo cal é a razón para seguir este criterio?
- 2.-** De todas formas, ¿cal é o protocolo exacto do reparto das entradas?

Responde o Sr. Ramos, concelleiro de Cultura, que indica que as entradas para cada función repártense presencialmente na casa da cultura a partir das 9:00 horas do luns anterior á función, si é verdade que o protocolo establece que se reparten dúas entradas por persoa para así evitar qu unha mesma persoa poida levar un número moi elevado de persoas, xa que, o aforo da casa da cultura non é moi grande e ademais das circunstancias que vivimos. É certo que cando hai unha función infantil se é un pouco flexible e si se permite a un proxenitor recoller tres entradas en caso de ter dous fillos.

3ª. O ano pasado Outes acolleu a Mostra de curtametraxes “Mares da fin Mundo”, polo que sabemos este ano repetirase esa iniciativa. No cartel do ano pasado figuraba como organizador o Concello de Outes e a Deputación Provincial como patrocinador, neste ano figura de novo o Concello como organizador pero neste caso a Deputación figura como “apoio”.

- 1.-** ¿De que maneira apoia a Deputación Provincial á iniciativa nesta edición?
- 2.-** ¿Con que orzamento conta este programa, canto lle vai custar as arcas municipais a súa celebración e que axudas económicas vai recibir doutras administracións?



Responde o Sr. González que efectivamente este ano celebramos a cuarta edición, por certo aproveito para convidalos mañá as cinco da tarde e as actividades que van ter lugar durante esta fin de semana, a previsión é que o orzamento sexa de 33.780€ dos que ao concello vaille custar aproximadamente 5.500€ e as axudas doutras administracións da deputación da Coruña 14.970€, de política lingüística 5.500€ e de dirección xeral desenvolvemento pesqueiro 4.729€.

- **Do Partido Socialista:**

1ª.- No pleno do mes de maio de 2021 aprobouse a moción para reparar elementos en mal estado dos parques. Tamén se aprobou o crédito para o arranxo do parque da Cruz e de Pontenafonso, pero a data de hoxe non están arranxados nin pechados, o parque da Cruz non ten ningunha cinta. Pensa o equipo de goberno deixar estes parques abertos para que ocorra outra desgraza?

Responde o Sr. González que o que aprobaron foi un crédito extraordinario, nós precintamos aqueles elementos que están en mal estado e fixémoslo varias veces. É certo que cada certo tempo alguén saca os precintos e que algún neno o use pero podería pasar en calquera caso se precintamos todo o parque e entendemos que só é necesario nalgúns elementos. O que agardamos é que se actúe canto antes e que esta semana se inicien as obras de mellora destes parques.

2ª.- O día 19 deste mes na final do trofeo de fútbol a parede de entrar ao campo segue igual e ese día había público. Pensan amañar este muro no Nadal ou cante remate a tempada?.

Responde o Sr. Gándara, concelleiro de Deportes, que indica que a intención é amañar o famoso muro ao que fai referencia na maior brevidade posible.

PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:

- **Do BNG:**

1ª. Quen pintou as sinais do camiño de Santiago no noso concello? O goberno tivo involucración dalgún tipo nisto?

Responde o Sr. González que descoñecen que fixo esas sinalizacións e o Goberno nada ten que ver coas mesmas. O Sr. Núñez pregunta se non investigaron nada ao respecto ao que o Sr. González responde que preguntaron pero que seguen sen saber como se fixeron. Matiza o Sr. Núñez que lles preocupou ver a proliferación



destas sinalizacións porque non é a maneira correcta de facelo pintándose sobre propiedades privadas e sobre o patrimonio.

2ª. Por que a rúa da capela non está en sentido único de dirección ate a praza do bosque, tal e como anunciaron no Facebook, e remata no primeiro cruce? En que situación se atopa o desmantelamento dos postes perigosos? Fixeron algunha xestión para solucionar o problema de iluminación nocturna? Deron por rematada a primeira fase?

Responde o Sr. González que si que contaban con que foran toda dirección única e que a segunda parte se fixera pero non tivemos o apoio deste Pleno. Vemos que funciona ben co primeiro tramo con dirección única. Sobre os postes estamos agardando a que Telefónica e Unión Fenosa procedan a súa retira que dende o concello se fixeron os trámites para iso, mentres non os saquen reforzámos. A iluminación nocturna imos a intentar melloralala e tamén a da propia capela que trate de dignificar o pórtico da mesma. Non demos por rematada a primeira fase que será cando se retiren os postes e se soterre a liña. Matiza o Sr. Núñez que non restrinxiron o aparcamento na praza do concello, a pesares de aprobarse neste Pleno, como non esta aínda aprobada a segunda fase completa da rúa da Capela non poden poñer unha sinal ou non poden restrinxir nun sentido único o final da rúa. No tema dos postes non estaría de máis que analicen a posibilidade de tomar medidas xudiciais se é posible. E sobre se deron por rematada a primeira fase porque pintaron a rúa pero non delimitaron os aparcadoiros e os coches non aparcan nos sitios correctos.

3ª. O espazo compartido de traballo anunciado no facebook persoal do alcalde está xa aberto? Se non o está cando estará dispoñíbel? Cantas iniciativas amosaron interese? A canto se eleva o total da actuación?

Responde o Sr. González que non se atopa aínda aberto e é certo que puntualmente nestas últimas dúas semanas unha empresa que ten problemas de conexión pediunos usar o espazo e deixamos porque ten eses problemas. Nas vindeiras semanas queremos aprobar un regulamento interno no que abriremos a convocatoria, non sabemos as que hai aínda peo si que existe interese. O custo é de 36.200€ dos cales 28.525€ o financia Deloa e o resto o concello. Toma a palabra a Sra. Suárez que pregunta cantas empresas amosaron interese ao que o Sr. González responde que hasta que sexa publico os empresarios saben que non poden solicitalo.



4ª. Que iniciativas van por en marcha para mellorar as deficiencias na piscina, tanto no que respecta a arranxo das instalacións, aforro enerxético, organización e persoal necesario para optimizar o aproveitamento destas necesarias e demandadas instalacións? Teñen previsto ampliar o horario da piscina nalgún tramo?

Responde o Sr. Rodríguez, concelleiro de deportes, que indica que para acometer tódalas melloras da piscina imos precisar seguir buscando a maior parte delas con axudas doutras administracións e o aforro enerxético levamos investidos máis de 21.000€ nas instalacións o que supuxeron arranxos de maquinaria e cristalería, os paneis solares hai que poñelos a funcionar cando sexa posible e acometelo implica axuda doutras administracións. A organización da piscina non foi nada sinxela nestes últimos 19 meses polas causas que todos sabemos por improvisar segundo o que ía acontecendo e si que se pode mellorar e sempre buscaremos estar melloras para un maior servizo para os usuarios. En canto ao persoal si que había deficiencia de horas no persoal de limpeza que xa se subsanaron por este goberno mellorando moito e tense previsto a contratación de máis persoal para ofertar máis cursos aos usuarios. En canto a ampliación de horario xa o presentamos ao Pleno e non tiveron a ben cambialo e nós o que fixemos foi abrillo no mes de agosto que non se viña abrindo.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que con respecto ao tema si lles preocupa o estado no que se atopan estas instalacións o cal implica que haxa un abandono dos usuarios das mesmas, non sabemos a realidade da súa preocupación. Levan tres anos no goberno e salvo cambiar algunha peza para o bo funcionamento da auga quente nós coñecemos de algo mais non o temos e somos usuarios e temos relación con usuarios da piscina e seguimos de preto a mellora desas instalación tan importantes e necesarias. En canto ao aforro enerxético o que indica foi máis unha necesidade e nas cristalerías foi escasa a inversión e nas fugas de aire entendemos que si pero coñecendo os detalles dos gastos de mantemento ao substituír os antigos paneis por uns novos suporía un aforro de case o 70% no que é o mantemento da piscina. Creemos que vale a pena o esforzo atopar un financiamento para acometelo. Que reforzaron vostedes o persoal de limpeza, gustaríanos saber cando foi iso, porque nin se queira durante a pandemia a reforzaron senón todo o contrario, senón que unha das primeiras normas que puxeron foi o peche dos vestiarios co cal non se poderían usar as taquillas e que isto era contraproducente. Falamos co persoal de limpeza das instalacións que non se lle aumentou o número de horas. En canto a ampliación do horario da piscina, xa non é a primeira vez que traemos esta problemática, teñen que consensuar



vostedes e detectar as necesidades ou preferencias dos usuarios da piscina para flexibilizar un horario máis axeitado e non decidir vostede de forma unilateral.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez que para indicar que o peche de vestiarios foi unha cuestión de sanidade, a ampliación de horario si que se ampliou reflectise na nómina das traballadoras e o horario da piscina tería que ser eu como concelleiro o responsable de determinar un horario para as instalacións.

Faise un pequeno receso a petición da Secretaria do Pleno da Corporación. Tras o receso abandona o Pleno a interventora da Corporación a Sra. Barcia.

PREGUNTAS ORAIS:

- **Do PP:**

PREGUNTA 1. Por todos é sabido que ata o momento este Goberno non foi quen de aprobar e confeccionar en tempo en forma o orzamento do 2021 tal e como faría un goberno responsable e rigoroso. Levan dende 1 de xaneiro funcionando co orzamento do ano pasado prorrogado. Esta situación de non traballar en tempo real coa economía do Concello a que vostede non lle da moita importancia ten indubidablemente certas consecuencias. Nós entendemos que una delas é que nese orzamento prorrogado non entran as subvencións nominativas as entidades que na súa labor estea a súa actividade de interese pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública. Todolas citadas recollíanse no número 28 das bases do orzamento do ano 2020 pero ao noso entender a partida económica que as sustentaban non é prorrogable polo que non se poderían dar deste xeito. Se estamos no certo, como pensa o goberno municipal dar saída a este asunto e que estas entidades que traballan por interese colectivo de Outes poidan desfrutar dunha subvención tradicionalmente concedida polo concello e que lles ven axudando dende fai anos ao mantemento da súa actividade?

- **Do BNG:**

PREGUNTA 1. Gustaríanos que se nos concretara porque só reforza o persoal do PAI ata finais de decembro? Que planificación teñen a posteriori?

- **Do Partido Socialista:**

PREGUNTA 1. No Pleno do 22.10.2019 aprobouse por este Pleno unha disposición de crédito de 48.279€ para a mellora de sinalización de tráfico do noso Concello. Un



ano máis tarde no Pleno do 29.10.2020 visto que todo seguía igual os socialistas de Outes presentaron no Pleno unha moción para a posta en marcha de dita actuación con urxencia dándolle daquela 3 meses para que a levaran a cabo, pois ben, nin 3 meses nin un ano despois. Van alá dous anos e non foron quen de cambiar nin unha sinal, un goberno que en 2 anos non é capaz de trincar unha bombilla, lémbrolle o rogo da luminaria de Pontenafonso, nin de trincar unha sinal que hoxe nos ocupa, despois de dous anos e medio de mandato non é un bo goberno por moitas fotos que fagan. Cando comezarán as reposicións destas sinalizacións? Este ano, o que ven ou na próxima lexislatura?

PREGUNTA 2. Permítanme contarlles que este caso sucedeu a min así como a xente que se puxo en contacto con este concello, como veciño teño todo o dereito do mundo a solicitar do noso concello aquela información que me sexa necesaria, sempre e cando non se considere “top secret”. Solicitei en xuño de 2020 un informe con entrada número de rexistro e acuse de recibo, ata isto todo correcto, non vou a entrar cal foi o informe, é o de menos. Quero entender o que é o silencio administrativo, a burocracia, porque 16 meses despois de dita solicitude non obtiven, non o informe que solicitei, senón ningún tipo de contestación por parte do noso concello. Aquí concentro varias preguntas:

- Canto máis teño que esperar? Non polo informe que imaxino que xa estará trasapelado senón por unha comunicación do noso concello dicíndome algo?.
- Canto debe esperar un veciño a que o concello lle responda a calquera xestión feita polos cauces oportunos?
- Que lle pode dicir vostede Sr. Alcalde a un veciño que solicita un informe, un papel, 6 meses despois o un ano despois non sabe nada do asunto. Que lle diría vostede a este veciño?

De verdade que a mesma parsimonia que leva o seu grupo de goberno para moitos temas estalle a contaxiar vostedes a nosa institución como concello e iso preocúpame e moito. Pensan facer algo ao respecto ou simplemente o chamamos burocracia?

7. ROGOS.

- **Do PP:**

ROGO 1. Varios veciños de Bendimón manifestaron o seu malestar por diversas situacións que están a sufrir preto das súas vivendas. Sabemos que xa lles foron trasladadas esas queixas ao goberno municipal pero non se lles deu solución ata o momento dese problema. Trátase do deficiente funcionamento do pozo de bombeo



das augas fecais que provoca cheiros constantes e verteduras indesexadas no río así mesmo as augas do río foron socavando o terreo por debaixo da pista de xogos provocando que o firme da mesma se fundise ao carón do muro de bloques facéndose buratos que supoñen unha moi perigosa situación de seguridade para os usuarios. Rogámoslle ao goberno que arranxen eses problemas. E eses mesmos veciños demandan que se fagan as actuacións necesarias para que a fonte volva a ter auga e se adecente convenientemente o seu entorno para poñer en valor ese espazo que conta con importantes elementos patrimoniais ademais de ser lugar de paso da Ruta Xacobeá da ría de Muros-Noia. Rogámoslle ao goberno que teñan en conta a demanda destes veciños.

ROGO 2. Temos entendido que as obras para reurbanización da avenida de San Campio están próximas a comezar e varios comerciantes desta rúa amósannos a súa preocupación polo feito de que as mesmas poidan afectar negativamente ao acceso dos seus negocios durante a tempada de Nadal. Rogámoslle ao goberno que faga as xestións oportunas ante quen corresponda para que a actuación entorpeza o menos posible o desenrolo da súa actividade contribuíndo así a que a economía deses negocios xa minguada pola situación vivida nos últimos meses debido á pandemia non se vexa afectada dobremente polas dificultades do acceso das súas instalacións durante unha época que hai moita máis afluencia de público.

ROGO 3. Veciños de Brión de Arriba queixanse de que a fonte que hai na zona norte do lugar a auga non se conduce de maneira adecuada polo caño ademais do abandono xeral do entorno no que está localizada. Rogámoslle que reparen a canalización da auga e adecenten o entorno da fonte. Tamén se queixan que o banco situado nas inmediacións do transformador leva xa moito tempo coas táboas do asento rotas e impide que se faga un uso do mesmo. Rogámoslle que remedien esta situación.

ROGO 4. As queixas dos veciños de Fontenlos e máis os 10 rogos feitos en 10 plenos consecutivos que este grupo lle achegou ao goberno municipal sobre o estado da estrada que une este núcleo co de Entíns seguen sen ser atendidas polo goberno. Nin fan nada nin mostran interese en facelo. No pasado pleno dixémoslle que era a nosa obriga seguir insistindo e así o facemos. A súa obriga de poñerlle remedio á situación está aínda sen cumprir como tantas outras cousas e parécenos que é impresentable pola súa parte de que non faga nada ao respecto, sobre todo porque vostedes mesmos votaron a favor da moción presentada polo partido popular ao respecto en novembro do ano pasado. O que nos fai reflexionar sobre o valor que ten para vostedes adherir e cumprir cunha proposta que resulta aprobada en pleno, semella que ese valor radica unicamente en levantar a man e esquecer



seguidamente do compromiso. Rogámoslle por 11ª vez que se adecente o vial que vai de Entíns a Fontenlos.

- **Do BNG:**

ROGO 1. Están a piques de dar comezo as obras para o arranxo da avenida de San Campio e o normal sería que aprenderan dos erros cometidos, polo que rogamos que se fagan os trámites necesarios para que se desenvolva a obra, tendo en conta que os negocios están nun só lado da avenida e intentasen minimizar así ao máximo as intervencións máis molestas nos meses de maior actividade comercial.

ROGO 2. Que volvemos a traer por terceiro ano consecutivo, o rogo para que se fagan cargo de solucionar o problema de augas que no inverno causa problemas en Brión de Arriba. Rogamos que actúen para solucionar o problema antes de que comecen as choivas fortes.

ROGO 3. Son escasos os 500m da pista de acceso ao lugar de Lantarou que se atopan sen asfaltado polo cal os días de choiva o converte en intransitable. Rogamos que procedan para o seu arranxo antes deste inverno.

ROGO 4. No mesmo lugar levan máis de 3 anos tirados as pezas de pedra para substituír a marquesiña de plástico que se atopa no mesmo lugar. Unha marquesiña de pedra que sería moito máis acorde co entorno pero que levan 3 anos a pedras tiradas e estaría ben que retirasen a de plástico e rogamos a que procedan a instalar a marquesiña de pedra.

- **Do Partido Socialista:**

ROGO 1. Nestes últimos 10 días puxéronse en contacto con nós varios veciños e veciñas de distintas localizacións da Serra pedíndonos que lles traslademos con urxencia unha posible praga de ratas no concello. Non me mal interpreten. Como digo puxéronse en contacto con nós veciños da Avenida de San Campio, da Avenida de Fisterra e da Rúa da Cruz e todos co mesmo problema, ver ratas polas beirarrúas. Por iso lles trasladamos a información a vostedes e lles rogamos que estuden o problema e que lle poñan solución o antes posible, deixo constancia do rogo e saiban que no vindeiro pleno preguntarei por este tema.

ROGO 2. E como saberán vostedes xa vai a enésima vez que lles rogo a colocación dun espello no cruce do Rego a Entíns, non vai unha nin cinco nin dez que lles fago o mesmo rogo. A burocracia non é lenta en si mesma só depende das gañas de



facer do seu traballo dalgúns empregados públicos e pódense dar vostedes por aludidos. Non llo vou a rogar máis, cando suceda algo serán vostedes os responsables.

ROGO 3. No noso concello hai en varias localizacións algunhas pancartas, taboleiros de anuncios de obras do POS do ano 2017, do 2018 e rogámoslle que miren de quitar esas sinais das obras do POS xa obsoleto.

- **Do BNG:**

ROGO 1. Dikir que no 2019 no primeiro mes de mandato unha das propostas do BNG era gravar o seu contido e outra era microfonar para a debida audición dos Plenos. No 2020 o BNG presentou unha moción na que dentro había un punto especificamente reiterando a necesidade e comprometendo ao concello de que se microfonase o salón de plenos, moción que saíu aprobada. E aproveito para reiterar o que xa dixo a voceira do PP, sentido compromiso lle dan aos acordos xa que segue sen cumprirse e hai un mes ou dous o Partido Socialista instaba ao goberno a levar os pleno á casa da cultura e o segundo punto era sobre este tema. Rogamos que atendan ao que se lle di en pleno ao que se acorda en pleno e procedan dunha ve por todas a solucionar o problema de audición dos plenos que teñen os veciños de Outes.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Remata a sesión ás 22:30 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:
https://www.youtube.com/watch?v=k0i2_Rns69Q

